

Bases para a contratación en réxime laboral temporal de 45 socorristas e 1 coordinador de socorrismo para a prestación do servizo de Socorrismo nas praias do Concello de Ferrol

1ª Obxecto

O obxecto das presentes bases é regular o proceso de selección que rexerá a selección para a contratación laboral temporal das persoas necesarias para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nas praias do Concello de Ferrol.

2ª Sistema de selección

Por unha cuestión de prazos así como da posible dificultade para captar candidatos, de conformidade co establecido no artigo Terceiro.4 da Orden APU/1461/2002, se remitirá oferta xenérica ao Servizo Publico de Emprego, onde farán unha preselección, tendo en conta os requisitos fixados dende o Concello.

As persoas preseleccionadas participarán, de ser o caso, na selección a través do sistema de concurso-oposición.

3ª Modalidade de contratación e duración do contrato

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de duración determinada, por obra e/ou servizo determinado, para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nas praias do Concello de Ferrol durante a tempada de verán de 2017, a xornada completa (40 horas semanais), que se prestarán en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, todos os días da semana, cos descansos que regulamentariamente correspondan.

Tendo en conta o obxecto do contrato, a prestación dos servizos por parte dos/das socorristas realizarase durante o período comprendido entre o 15 de xuño e o 14 de setembro, ambos incluídos, coa excepción da persoa que desempeñe o cargo de coordinador/a de socorrismo que prestará servizos do 08/06/2017 ao 21/09/2017, ambos incluídos.

As vacacións correspondentes ao período contratado serán de 6 días que terán o carácter de irrenunciabes polo cal deberan disfrutarse cando as necesidades do servizo o permita e inexcusamente antes da data de finalización dos contratos.

As retribucións serán:

- Mil cincocentos setenta e tres euros con trinta e oito céntimos brutos mensuais (1573,38 €) incluído o prorrateo das pagas extraordinarias, no caso do coordinador/a de socorrismo.
- Mil douscentos setenta e seis euros con corenta céntimos brutos mensuais (1276,40 €) incluído o plus de transporte e o prorrateo das pagas extraordinarias, no casos dos/das socorristas.

O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de 15 días de conformidade co establecido no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores.

4ª Requisitos das persoas aspirantes

Para participar na presente selección as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos mínimos de carácter xeral:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de conformidade co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- d) Estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.
- e) Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia, ou no seu defecto, ter presentada a citada solicitude no citado Rexistro Profesional e que non transcorrera o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste último caso, deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia da solicitude de inscrición no Rexistro profesional e copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado. Todo isto de conformidade co Decreto 104/2012, do 16



de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e o Decreto 35/2017, do 30 de marzo, que modifica o anterior.

f) Acreditar mediante **certificado médico**, que a persoa aspirante reúne as **condicións físicas suficientes para realizar os exercizos físicos** que figuran especificados nas correspondentes probas da fase de oposición, ademais de que non padece enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto. Este certificado **debe presentarse**, como data límite, no momento temporal inmediatamente anterior á realización das probas físicas, sendo excluído/a o/a aspirante en caso contrario, e poderá ter, como máximo, unha antigüidade de 3 meses en relación á data fixada para o desenvolvemento das probas. En casos excepcionais, este certificado pode ser suplido cunha declaración xurada axustada ao modelo que figura como anexo a estas bases.

g) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo en calquera administración pública do Estado, Comunidade Autónoma ou Entidade Local, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións asignadas.

h) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

5ª Comisión Cualificadora

Presidente: Un/unha funcionario/a do Concello de Ferrol.

Secretario: O secretario do Concello de Ferrol ou quen legalmente o substitúa.

Vocais: Catro funcionarios/as do Concello de Ferrol.

O/A secretario/a do tribunal cualificador terá dereito a voz pero non a voto.

Os membros da comisión cualificadora deberán absterse de intervir, notificándoo ao órgano convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público ou se realizaron tarefas de preparación ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Asemade, os/as aspirantes poderán recusar aos membros da citada comisión cando concorran as devanditas circunstancias.

A comisión cualificadora resolverá todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

Así mesmo poderá dispoñer a incorporación as súas sesións de persoas con labores de asesoramento para as probas que estimen pertinentes, limitándose estes/as a prestar a súa colaboración nas súas especialidade técnicas.

Os membros da Comisión Cualificadora deberán pertencer a unha categoría profesional para o ingreso na cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Os membros da citada comisión terán dereito a percepción das cantidades que correspondan en aplicación do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnización por razón do servizo. O número de sesións en ningún caso superará o máximo de 15.

6ª Desenvolvemento do proceso selectivo

Pechada a oferta xenérica polo Servizo Público de Emprego, dende o Servizo de Recursos Humanos se citará por teléfono ás persoas preseleccionadas para que, de ser o caso, presenten no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 5 días contados dende o día seguinte ao de realización do chamamento, unha solicitude de participación no proceso selectivo que deberán acompañar inexcusamente dos seguintes documentos:

-Fotocopia compulsada do DNI

-Fotocopia compulsada do título de Graduado en ESO ou equivalente

-Fotocopia compulsada do documento acreditativo de estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia, ou no seu defecto, de ter presentada a citada solicitude no dito Rexistro Profesional e que non transcorrera o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste último caso, deberase



achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia da solicitude de inscrición no Rexistro profesional e copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado. Todo isto de conformidade co Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e o Decreto 35/2017, do 30 de marzo, que modifica o anterior.

- Certificado médico ao que se fai referencia na letra f da base 4ª deste documento.
- Orixinal ou fotocopia compulsada, de ser o caso, da documentación acreditativa dos méritos alegados para ser tidos en conta na fase de concurso.

Fase de concurso (máximo 3 puntos):

Nesta fase unicamente se valorarán os seguintes extremos:

a) Experiencia profesional, ata un máximo de 1 punto.

Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: 0,10 puntos. A acreditación do tempo traballado se fará mediante certificación de servizos prestados ou ben xuntado orixinal ou fotocopia compulsada tanto do contrato de traballo como da vida laboral.

b) Formación, ata un máximo de 2 puntos.

b.1) Por acreditar formación sobre RCP (reanimación cardiopulmonar), soporte vital básico e manexo de desfibriladores: 0,50 puntos en total e sen que teña carácter acumulativo.

b.2) Por estar en posesión de titulación que habilite para o manexo de embarcacións (patrón para navegación básica ou superior): 0,25 puntos.

b.3) Por estar en posesión do título de Técnico/a en Emerxencias Sanitarias ou formación relacionada coa rama sanitaria: 0,25 puntos.

b.4) Por cursos relacionados directamente coa ocupación, se puntuarán de acordo coa seguinte escala:

- De máis de 100 horas: 1 punto.
- De entre 80 e 100 horas: 0,75 puntos.
- De entre 49 e 79 horas: 0,50 puntos.
- De entre 15 e 49 horas: 0,30 puntos.
- De menos de 15 horas: 0,20 puntos.

No caso de que na acreditación dos cursos non figure o número de horas estes serán valorados pola mínima puntuación posible.

A acreditación dos méritos a ser tidos en conta na fase de concurso se fará mediante a presentación de orixinal ou fotocopia compulsada dos diplomas ou certificacións expedidos polas entidades correspondentes.

Fase de oposición (máximo 7 puntos):

Esta fase consistirá na realización das seguintes probas:

Proba de piscina – 100 metros. Proba combinada máximo 3 puntos

A posición de partida será de pé, no borde do vaso da piscina. Despois do sinal, entrarase na auga coa técnica aberta sen afundirse (apropiada para lugares de escasa profundidade) mantendo a cabeza fóra da auga. Realizaranse 50 metros de nado CROL coa cabeza fóra da auga, recollerase un obxecto do fondo da piscina e remolcarase 50 metros de costas e patada de braza mantendo en todo momento o obxecto fóra da auga. Ao chegar ao borde do vaso da piscina colocarase o obxecto fóra da auga no lugar apropiado para iso.

Outorgaranse as seguintes puntuacións de acordo cos tempos expresados, que comezarán a contar dende a posición de partida e ata a colección do obxecto no lugar indicado:

TEMPOS HOMES	TEMPOS MULLERES	PUNTUACIÓN
Superior a 2'30"	Superior a 2'40"	Non apto/a
Entre 2'30" e 2'00"	Entre 2'40" e 2'10"	1 punto
Entre 1'59" e 1'30"	Entre 2'09" e 1'40"	2 puntos
Igual ou inferior a 1'29"	Igual ou inferior a 1'39"	3 puntos

Proba de mar (máximo 4 puntos)



A posición de partida será de pé, fóra da auga, co material de rescate determinado (brazo de rescate) xa colocado e as aletas na man.

Tras o sinal, realizaranse 50 metros en desprazamento terrestre co material.

Entrarase na auga de xeito correcto e colocaranse as aletas.

Realizaranse 50 metros en nado libre ata a posición marcada cunha boia. Unha vez alcanzada a boia deberase abrochar o tubo de rescate e regresar a nado (deixando a boia a nosa esquerda) ata o areal utilizando unha técnica de traslado co material de rescate (brazo de rescate), con acción de brazo libre e agarrando o brazo de rescate cunha man durante outros 50 metros.

Finalizada a fase acuática, quitaranse as aletas e continuarase a carreira a pé ata a meta coas aletas n aman e sen quitarse o brazo de rescate.

Outorgaranse as seguintes puntuacións de acordo cos tempos expresados:

TEMPOS HOMES	TEMPOS MULLERES	PUNTUACIÓN
Superior a 3'00"	Superior a 3'10"	Non apto/a
Entre 3'00" e 2'30"	Entre 3'09" e 2'40"	1 punto
Entre 2'29" e 2'00"	Entre 2'39" e 2'10"	2 puntos
Entre 1'59" e 1'30"	Entre 2'09" e 1'40"	3 puntos
Igual ou inferior a 1'29"	Igual ou inferior a 1'39"	4 puntos

7ª Cualificación final e relación de persoas aprobadas

A cualificación final do proceso selectivo virá dada pola suma das puntuacións obtidas en ambas fases. Serán seleccionadas aquelas persoas que obteñan maior puntuación global. A comisión cualificadora publicará no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a relación de aspirantes aprobados por orde de puntuación total final, con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de contratación a favor das persoas aspirantes que obtiveran a puntuación máis alta.

A persoa coa maior puntuación será contratada como coordinador/a de socorrismo, salvo renuncia expresa. De darse esta renuncia para adxudicar o cargo de coordinador/a de socorrismo, se seguirá a rigorosa orde de puntuación.

O tribunal cualificador non poderá facer unha proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao de postos ofertados.

De producirse un empate na puntuación final, para dirimilo teranse en conta as puntuacións parciais acadadas no proceso selectivo, pola seguinte orde de preferencia:

- 1º A puntuación obtida na fase de oposición
- 2º A puntuación obtida no apartado a) da fase de concurso
- 3º A puntuación obtida no apartado b) da fase de concurso

8ª Listaxe de reserva

Coas persoas aspirantes que superen as probas pero non figuren incluídas na proposta de contratación se establecerá unha listaxe de reserva para os efectos de cubrir posibles renuncias ou incidencias que puidieran xurdir durante o período ao cal afecta a contratación. Os chamamentos que se fagan ás persoas desta lista seguirán a orde rigorosa de puntuación.

9ª Incidencias

A comisión cualificadora queda facultada para interpretar as presentes bases, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

10ª Publicidade

A publicidade das actuacións derivadas do proceso selectivo que se regula nestas bases se realizará a través de publicacións no taboleiros de anuncios do Concello e da páxina web. (www.ferrol.es/SedeElectronica/RecursosHumanos/Outrascontratacións)



11ª Reclamación e recursos

A presentación da solicitude de participación no presente proceso selectivo implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.

Os actos administrativos derivados das presentes bases poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e no xeito establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Ferrol,
O alcalde

Jorge Juan Suárez Fernández



Anexo

DECLARACIÓN XURADA APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA

Don/Dona _____
_____ con DNI núm. _____ e enderezo
en _____
_____ Concello _____ Provincia _____ e número de
teléfono _____.

Baixo promesa ou xuramento e baixo a miña entera responsabilidade, DECLARO que conto coas condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización de probas físicas de máximo esforzo fóra e dentro da agua.

Que dado que cumplo coas ditas condicións, desexo participar nas probas de piscina e mar correspondentes ao proceso selectivo de Socorristas do Concello de Ferrol.

Tamén DECLARO ter sido informado polo Concello de Ferrol, de que, é necesario que, con carácter previo á realización das probas físicas, me faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que poidera impedir a realización de ditas probas nas condicións debidas, aportando o certificado médico acreditativo dess extremos.

Para que conste e surta os efectos oportunos, firmo a presente

Ferrol,
Sinatura

Asdo.: